


DONA LUCÍA




1. Imos construír unha figura formada por outras tres iguais. Necesitamos dúas follas de papel.



2. De cada unha sacamos un cadrado, e outro máis pequeno dun dos anacos sobrantes. Nos tres marcamos os vincos das diagonais e das apotemas.




3. Con cada un deles facemos a figura 4 do vaso ou floreiro. Coa máis pequena imos facer a cabeza



4. Dobramos o primeiro plano do triángulo superior cara a diante pola liña indicada, deixándoo a 90°. Na parte de atrás facemos o mesmo

5. Con estas simples dobras o que fixemos foi pórllle un chapeu á figura.




6. Coa segunda peza imos construír a parte superior do corpo. Viramos a figura para facerlle os brazos. Os bicos superiores dobrámoslos para dentro pola liñas sinaladas, situando así os ombros. As dobras quedan no interior da figura pentagonal.



7. Con outras dobras similares, pero cara a fóra, fanse os cóbados e as mans no lugar correspondente, escollendo a postura que queiramos dar á nosa figura.



7. Coa outra peza facemos a parte inferior do corpo. Para facermos os pés non temos máis ca dobrar os bicos cara a diante en ángulo recto.



8. Por último unimos as tres pezas.

9. E aquí temos a dona Lucía, que para a fotografía vestiuse de cores, para ser máis lucida aínda.

